

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2026**

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

**ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> María Luisa Fernández Santín  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

**NON ASISTE:**

D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

**SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e un minuto do día oito de setembro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> María Luisa Fernández Santín, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora municipal D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2026 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión ordinaria celebrada en data 1 de setembro de 2026 e da sesión extraordinaria celebrada en data 3 de setembro de 2026, das que se entregaron copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria celebrada en data 1 de setembro de 2026 e da sesión extraordinaria celebrada en data 3 de setembro de 2026.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 25 de agosto de 2026, pola que se modifica a Orde de 12 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT211B). Diario Oficial de Galicia número 166, de 02-09-2026.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 27 de agosto ao 3 de setembro 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 636/2026 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 661/2026, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sintura | Asunto                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|------------|--------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 636/2026   | 28-08-2026   | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MLR                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| 637/2026   | 28-08-2026   | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LI                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| 638/2026   | 28-08-2026   | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 16/12/2025, por non presentar a documentación correcta que lle foi requirida. Solicitante: UP                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| 639/2026   | 28-08-2026   | Comparecer no procedemento demanda interposta por JRFP contra o Concello de Cambre sobre administración local-responsabilidade patrimonial perante o Tribunal de Instancia, sección do contencioso-administrativo, praza nº 1 de A Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos/ás letrados/as adscritos/as á asesoría xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación de A Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988 |
| 640/2026   | 28-08-2026   | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de setembro de 2026                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| 641/2026   | 31-08-2026   | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |

|          |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|----------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|          |            | transportes colectivos. Solicitante: FGM                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| 642/2026 | 28-08-2026 | Conceder a MFV funcionario de carreira deste concello, o permiso parental para o coidado de fillo menor de oito anos, previsto no artigo 49.g) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público                                      |
| 643/2026 | 31-08-2026 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: NAP                                                                                          |
| 644/2026 | 31-08-2026 | Autorizar a titular da licenza de taxi número 22, a substituír o vehículo co que presta servizo, Toyota Auris, por outro de nova adquisición, marca Hyundai, modelo Kona. Solicitante: MFM                                                                                                                                    |
| 645/2026 | 01-09-2026 | Considerar desistida a ESA da solicitude de concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade presentada en data 16/03/2026 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento                                                             |
| 646/2026 | 01-09-2026 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MIDD                                                                                            |
| 647/2026 | 01-09-2026 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: RPF                                                                                          |
| 648/2026 | 01-09-2026 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 10/07/2026, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: RFE |
| 649/2026 | 01-09-2026 | Considerar desistida a GLA da solicitude de concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade presentada en data 20/01/2026 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento                                                             |
| 650/2026 | 01-09-2026 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FALD                                                                                         |
| 651/2026 | 01-09-2026 | Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LDR                                                                               |
| 652/2026 | 01-09-2026 | Conceder a IDR funcionaria interina deste Concello adscrita á área de<br>Secretaría, unha redución de xornada por garda legal de 10 horas semanais, con efectos dende o día 7 de setembro de 2026                                                                                                                             |
| 653/2026 | 01-09-2026 | Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade quen pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JTM                                                                                         |

|          |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|----------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 654/2026 | 01-09-2026 | Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor "producción do concurso I Batalla de Bandas 2026" a Ramón Viñas López, por importe de 2.400,00 € (IVE excluído); 2.904,00 € (IVE incluído)                                                                                                                                                                                                                |
| 655/2026 | 02-09-2026 | Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe referencia contrato rock in cambre. fase d /2024, asinado o día 1 de setembro de 2026 e continuar coa tramitación do expediente                                                                                                                                                                                                                                  |
| 656/2026 | 02-09-2026 | Dar de baixa nas aplicacións IDA-PADRÓN e IDA-CELEC, dependentes do Instituto Nacional de Estadística, á usuaria MBN. Dar de alta nas aplicacións IDA-PADRÓN (con acceso a todos os servizos; IDA-Web, IDACifras, IDA-Consul) e IDA-CELEC, dependentes do Instituto Nacional de Estadística, á usuaria IDR                                                                                                                                         |
| 657/2026 | 02-09-2026 | Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo xoves día 3 de setembro de 2026, ás 13.15 horas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| 658/2026 | 02-09-2026 | Considerar desistida a HGB da solicitude de concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade presentada en data 18/12/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento                                                                                                                                                                                  |
| 659/2026 | 02-09-2026 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 20/02/2026 xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: LKAR                                                                                                                    |
| 660/2026 | 02-09-2026 | Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado mantemento de zonas axardinadas no termo municipal de Cambre prestado pola empresa legamo infraestrutura verde, SL |
| 661/2026 | 03-09-2026 | Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 35.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza                                                                                                                                                                                                |

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter á consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor do servizo denominado " Redacción de proxecto para execución de cuberta na pista polideportiva do Souto".

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar a adxudicación, porque se trata dunha obra do POS sobre o que hai que resolver a vindeira semana.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación, dáse conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 8 de setembro de 2026 (CVD: 6uovLb0nJZOLqn8ULfkE), que transcrita di:

**“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente tramitado para a contratación do contrato menor do servizo denominado “ Redaccion de proyecto para ejecucion de cubierta en la pista polideportiva de O Souto” . Exp: 2026/C002/000029.

Visto o informe técnico de necesidade de data 4 de agosto de 2026 (CVD: o4N7Ex9uwTMAoLlozrrl), asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Jorge Cagdórniga Gómez e a Alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández.

Visto que consta no expediente o documento RC por importe de 17.545,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 133 60900, do orzamento en vigor asinado pola interventora municipal en data 12 de agosto de 2026 (CVD: DCzoBdD0MBa7UoMDOjCd), número de operación 220260001761 no que, entre outras cousas, consta:

“(…)

**DILIXENCIA DE INTERVENCION:**

- A contabilización do documento RC non implica conformidade co prezo do contrato. - O feito de que exista o expediente tedec número 2026/C002/000030 co obxecto REDACCION DE PROYECTO PARA EJECUCION DE CUBIERTA EN PISTA POLIDEPORTIVA DE BRIBES e o expediente tedec número 2026/C002/000029 co obxecto REDACCION DE PROYECTO PARA EJECUCION DE CUBIERTA EN LA PISTA POLIDEPORTIVA DE O SOUTO pon de manifesto un fraccionamento do obxecto do contrato o cal infrinxe os artigos 99.2 e 118.2 da LCSP e a base 26ª das de execución do orzamento 2024 prorrogado. En consecuencia, advirto que de continuar coa tramitación do contrato emitirei un suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL dada a omisión no expediente de trámites ou de tramites ou requisitos esenciais.

- A redacción de proxectos técnicos e unha das funcións que a RPT do Concello de Cambre asigna aos postos de INGENIERO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS e de INGENIERO TÉCNICO INDUSTRIAL.

(…)”.

Visto o informe asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, Jorge Cagdórniga Gómez , de data 2 de setembro de 2026 (CVD: SejRuLlmmcMXdOsDm5wY), no que, entre outras cousas di:

“(…)

En relación co expediente de contrato menor de referencia emítese o seguinte **INFORME**:

**Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

|                               |            |
|-------------------------------|------------|
| K2 ESTUDIO DE INGENIERÍA S.L. | B-70240759 |
| INTRA INGENIEROS S.L.         | B-70159033 |
| ALFONSO BOTANA S.L.           | B-70531595 |
| PROYESTEGAL, S.L.             | B-27159730 |

**Segundo:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

| Empresa           | Oferta<br>sen IVE | Oferta<br>IVE engadido |
|-------------------|-------------------|------------------------|
| PROYESTEGAL, S.L. | 14.450,00€        | 17.484,50€             |

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO**:

Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo “REDACCIÓN DE PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “REDACCIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DA CUBERTA NA PISTA POLIDEPORTIVA DE O SOUTO, CAMBRE (A CORUÑA)”, á empresa **PROYESTEGAL, S.L.**, con CIF B27159730 e domicilio EN RÚA Pena do Rei,3, entresuelo A, 27002 Lugo, no prezo ofertado de **14.450,00 €** sen IVE, **17.484,50 €** IVE engadido, por ser a empresa que fixo a oferta económica máis vantaxosa atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Faise constar que a empresa presentou a seguinte documentación que ten sido anexada ao expediente de contrato menor:

- Oferta económica conforme ao modelo do anexo VI
- Declaración responsable conforme ao modelo do anexo VII
- Certificado de alta no IAE
- Certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria

“(…)”.

Visto o informe de carácter desfavorable emitido pola secretaria xeral, de data 3 de setembro de 2026 (CVD: S8QF6oFYLPabb9mDEfSN) no que, entre outras cousas, di:

“(…/…)”

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.-** O artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE,

de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-ley 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

“1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.”

Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Específicamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que “3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118.”

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servizos realizárase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da Lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que “Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias” A instrución anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que “De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la

seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo”.

E o Consello de Contas de Galicia no informe especial de fiscalización de comunicacións de 25 de xaneiro de 2023 indica respecto da contratación menor , entre outras cousas, que : “(…/…) E incluso en relación a estas, debiera promoverse la inclusión en la normativa interna del fomento de la concurrencia en la adjudicación de los contratos menores mediante la publicación electrónica de anuncios de licitación en la línea de las recomendaciones del Código Europeo de Buenas Prácticas para facilitar el acceso de las PYMES a los contratos públicos para garantizar la efectiva transparencia y concurrencia de la contratación pública……”

**Segunda.-** A LCSP considera a externalización dos servizos como unha excepción na actuación administrativa. Así, no seu artigo 30.3 dispón que “la prestación de servicios se realizará normalmente por la propia Administración por sus propios medios”.

Como consecuencia disto, establece no seu artigo 116 que o órgano de contratación, ao iniciar a tramitación do expediente, deberá motivar a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 do dito texto legal. Corolario de dita necesidade é o feito de que o órgano de contratación careza de medios propios para executar a prestación, o que debe argumentarse a través dun informe exhaustivo.

A importancia deste informe nos contratos de servizos ven resaltada polo feito de que o lexislador o establece nun epígrafe propio dentro do citado artigo 116, concretamente no apartado 4 epígrafe f) como requisito específico deste tipo de contratos.

O informe de insuficiencia de medios ofrece, pois, información clave relativa á xestión dos recursos humanos e medios materiais que fai o órgano competente, polo que resulta de especial interés á hora de fiscalizar o debido uso dos recursos públicos, de ahí a transcendencia outorgada á súa publicación no artigo 65.3 a) da LCSP, precepto que refírese especificamente ao dito informe de insuficiencia de medios como un dos documentos esenciais a publicar no perfil do contratante do poder adxudicador.

No expediente examinado non consta xustificación da insuficiencia de medios con que conta a Administración cando, documento este, como se indicou necesario máxime cando, como ocorre no Concello de Cambre, a redacción de proxectos é unha das funcións que a Relación de Postos de Traballo atribúe aos postos de xefe de sección de servizos( os da sección) ao enxeñeiro técnico de obras públicas e ao enxeñeiro técnico industrial, postos que actualmente atópanse ocupados, o primeiro por funcionario de carreira e o resto por funcionarios interinos, téndose incluso nomeado a maiores dous enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos por acumulación de tarefas.

Debe ser o/a xefe/a do departamento quen realice un informe no que se analice a carga de traballo dos ditos postos con aportación de datos, estatísticas, e valore a posibilidade de prestar o servizo con personal propio, no lugar de acudir á externalización do servizo.

E no dito informe do xefe do departamento ,á hora de valorar a carga de traballo dos técnicos debe terse en conta os contratos de servizos actualmente existentes e os que se atopan en trámite que se refiran a funcións encomendadas aos ditos postos na RPT.

Por outra banda, a xuízo da que subscribe o obxecto do contrato é previsible, polo que non se xustifica a utilización da figura do contrato menor.

Adicionalmente, sinalar que na plataforma de tramitación eletrónica TEDeC consta aperturado un expediente (2025/C004/000005),no que figura unha memoria, informe técnico e prego de prescricións técnicas asinados por quen foi enxeñeiro técnico de obra pública interino en data 19 de febreiro de 2025 , propoñendo na memoria xustificativa a contratación do servizo por procedemento aberto para direccións de obras e redacción de proxectos con asistencia topográfica e xeotécnica para as áreas de urbanismo e obras do Concello polo que, de necesitarse a contratación dos ditos servizos e sempre que se xustificase a insuficiencia de medios persoais con que conta o Concello para a súa prestación ou a non conveniencia da ampliación do existente, infórmase que ( tendo en conta, ademáis que no mes de agosto de 2025 adxudicouse tamén por contrato menor outro contrato menor de servizo de redacción de proxecto por importe de 13.068.- euros, IVE incluído – expte TEDeC 2025/C002/000029 e este ano o contrato menor de redacción do proxecto básico e de execución da actuación

denominada “Reparación de obra de drenaje transversal no regato Fraís na estrada municipal do Igresario de Cecebre, Cambre (A Coruña)”, expediente: 2026/C002/000003), a contratación dos servizos de redacción de proxectos debería realizarse de acordo cos principios de publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia e a través dos procedementos abertos regulados na Lei de Contratos do Sector Público.

Tamén cómpre ter en conta o sinalado pola interventora municipal no documento RC (CVD: DCzoBdD0MBa7UoMDOjCd) no que expón:

“- O feito de que exista o expediente tedec número 2026/C002/000030 có obxecto REDACCION DE PROYECTO PARA EJECUCION DE CUBIERTA EN PISTA POLIDEPORTIVA DE BRIBES e o expediente tedec número 2026/C002/000029 có obxecto REDACCION DE PROYECTO PARA EJECUCION DE CUBIERTA EN LA PISTA POLIDEPORTIVA DE O SOUTO pon de manifesto un fraccionamento do obxecto do contrato o cal infrinxe os artigos 99.2 e 118.2 da LCSP e a base 26ª das de execución do orzamento 2024 prorrogado. En consecuencia, advirto que de continuar coa tramitación do contrato emitirei un suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL dada a omisión no expediente de trámites ou de tramites ou requisitos esenciais. “

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación infórmase que no presente expediente:

- Non consta pronunciamiento da intervención municipal verbo do cumprimento da base 26.2 do presuposto.
- Non consta xustificación do prezo do contrato.

#### CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente a contratación como contrato menor do servizo de “Redacción do proxecto para a execución da cuberta da pista polideportiva de O Souto, Cambre (A Coruña)” e a súa adxudicación á entidade mercantil “PROYESTEGAL, S.L.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...).”

Visto o informe emitido pola interventora municipal de data 4 de setembro de 2026 (CVD: jlg+LVYPwWDGxwKpBWbL), no que, entre outras cousas di:

“(...

#### INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE

**PRIMEIRO.-** Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2026 esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de 17.545,00 € para o obxecto denominado “RC CM REDACCION PROYECTO BASICO Y DE EJECUCION ACTUACION CUBIERTA POLIDEPORTIVA DE O SOUTO 2026/C002/000029”. O crédito en cuestión atópase na fase contable RC cós **números de operación e números de referencia sinalados nos antecedentes deste informe.**

**SEGUNDO.-** A base 26.2ª das de execución do orzamento 2024 prorrogado ao exercicio 2026 dispón:

“(...

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

(...)

*Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.(...)"*

No expediente 2026/C002/000029 consta documento denominado PROPOSTA DE INFORME DE NECESIDADE - SERVICIOS , asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino e pola alcaldesa en data 04-08-2026 do seguinte tenor literal (CVD: o4N7Ex9uwTMAoLlozrri ):

***"(...) 4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:***

*A presente contratación non supón un fraccionamento do obxecto do contrato, xa que a prestación consiste na redacción dun proxecto básico e de execución, configurándose como unha unidade funcional completa, diferenciada e con autonomía propia, necesaria para definir técnica e economicamente a actuación de execución dunha cuberta sobre a pista polideportiva municipal.*

*A contratación abrangue a totalidade dos traballos precisos para a elaboración do proxecto técnico, sen que exista división artificial do seu obxecto co fin de eludir a aplicación das normas xerais de contratación pública. (...)"*

*Reitero a dilixencia que figura no documento contable tipo RC asinado por min en data 12-08-2026 cuxo contido é o que segue (CVD: DczoBdD0MBa7UoMDOjCd) :*

***"DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN:***

*-A contabilización do documento RC non implica conformidade co prezo do contrato.*

*-O feito de que exista o expediente tedec número 2026/C002/000030 co obxecto REDACCION DE PROYECTO PARA EJECUCION DE CUBIERTA EN PISTA POLIDEPORTIVA DE BRIBES e o expediente tedec número 2026/C002/000029 co obxecto REDACCION DE PROYECTO PARA EJECUCION DE CUBIERTA EN LA PISTA POLIDEPORTIVA DE O SOUTO pon de manifesto un fraccionamento do obxecto do contrato o cal infrinxe os artigos 99.2 e 118.2 da LCSP e a base 26ª das de execución do orzamento 2024 prorrogado. En consecuencia, advirto que de continuar coa tramitación do contrato emitirei un suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL dada a omisión no expediente de trámites ou de tramites ou requisitos esenciais.*

*-A redacción de proxectos técnicos e unha das funcións que a RPT do Concello de Cambre asigna aos postos de INGENIERO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS e de INGENIERO TÉCNICO INDUSTRIAL."*

*E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente o presente informe de existencia de crédito sen perxizo da fiscalización que corresponderá efectuar con carácter previo ao recoñecemento das obrigas.*

*(...)"*

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Autorizar o gasto por importe de dezasete mil cinco centos corenta e cinco euros (17.545,00 €) IVE incluído con cargo á partida orzamentaria 133 60900 do orzamento en vigor.

**Segundo.-** Adxudicar o contrato menor do servizo denominado “ Redaccion de proxecto para execucion de cuberta en la pista polideportiva de O Souto” á empresa PROYESTEGAL, S.L., con CIF B27159730 no prezo ofertado de 14.450,00 € sen IVE, 17.484,50 € IVE engadido, por ser a única empresa que fixo a oferta económica atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, cun prazo de execución de quince (15) días lobarais.

**Terceiro.-** Designar responsable do contrato ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, D. Jorge Cadorniga Gómez, para que adopte as decisións e dite as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto.-** Notificar o acordo ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, con incorporación da correspondente factura, unha vez conformada polo responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TDeC, á intervención municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos e ó responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar este acordo nos termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a sección do Contencioso Administrativo do Tribunal da instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. secretaria xeral quen, unha vez concedido, manifesta que consultado o Rexistro Xeral de Entrada no día da data constatou que o día de onte presentouse por don Ramón Martínez Gómez, segundo di, en representación de PROXESTEGAL, S.L. escrito no que expón e solicita “PROXECTO PARA EJECUCIÓN DE CUBIERTA EN PISTA POLIDEPORTIVA DE O SOUTO CAMBRE”, e achega un PDF denominado “enlace de descarga.pdf”; di que o mesmo día 7/9/2026, con posterioridade, o citado señor presentou outro escrito no que, entre outras cousas, di:

“.... con el presente escrito se pretende aclarar que dicho documento técnico ha sido presentado como ejemplo, a título informativo, sin que constituya la presentación de un proyecto definitivo, y en todo caso a la espera de que se produzca un proceso adjudicatario con el objeto indicado en dicho documento”.

Continúa a Sra. secretaria a súa intervención e di que a execución de prestacións previa á formalización de contratos ou, no caso dos contratos menores, á adxudicación infrinxe o ordenamento xurídico ao supoñer contratacións verbais incursas nun suposto de nulidade de pleno dereito; di que á vista do segundo escrito presentado procede esclarecer os feitos.

Logo de debate sobre o asunto, e sometida pola Presidencia o asunto a votación ordinaria a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión non aprobar a proposta.

### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo